

CIRCULAR INFORMATIVA

O exame consta de 4 preguntas obrigatorias, de 2 puntos, 4 puntos, 3 puntos e 1 punto, respectivamente. A primeira e a cuarta, con resposta única; a segunda e a terceira, con posibilidade de elección entre apartados.

PREGUNTA 1. FILOSOFÍA E FUNCIONES: ACTUALIDADE E UTILIDADE. (2 puntos)

O examinando/a deberá **producir un texto** (artigo divulgativo, columna de opinión, entrada de blog, disertación, informe...) no que se relacione criticamente a filosofía dun autor/a (proposto) cun contexto de actualidade (motivado por unha nova, un titular, unha cita ou un fragmento de documento público, etc). Asimesmo, esta pregunta tamén pode ser formulada de xeito que o examinando/a deba **producir un texto** no que el/ela mesma describa unha situación de actualidade na que expoña a vixencia da filosofía dun autor/a (proposto).

Por razóns dunha estrutura común de todas as probas da PAU, non está permitido establecer optatividade nesta primeira pregunta. Porén, dado o seu carácter novedoso e para “minimizar o impacto derivado da transición dos modelos das Probas” e facilitar a súa progresiva preparación, este “procedemento de traballo” (pregunta 1) se asociará (por este ano 2025) aos seguintes principais “elementos curriculares obxecto de avaliación”: O liberalismo político e contractualismo de Locke / A ética formal en Kant: o imperativo categórico / Nietzsche: nihilismo, vitalismo e transvaloración. / Da “razón vital (circunstancia)” á “razón poética” (Ortega y Zambrano) / O desenvolvemento contemporáneo do feminismo: Simone de Beauvoir.

Parámetros xerais de corrección e cualificación da Pregunta 1	Total 2 puntos
<i>Adecuación ao solicitado no enunciado (sen superar a extensión máxima detallada)</i>	Máx. 0,25 ptos.
Densidade: - presencia e uso dos conceptos clave do autor/a. - aplicación dos conceptos ao contexto dado ou descrito polo/a alumno/a (creatividade e pensamento crítico).	Máx. 0,25 ptos. Máx. 0,75 ptos.
<i>Cohesión e coherencia: articulación organizada de ideas e argumentos.</i>	Máx. 0,5 ptos.
- Corrección gramatical e léxica (claridade) - Corrección ortográfica (-0,10 puntos por cada falta ortográfica. O máximo que se reducirá será -1 punto en toda a Proba).	Máx. 0,25 ptos.

PREGUNTA 2. COMPRENSIÓN E EXPRESIÓN: COMENTARIO DE TEXTO FILOSÓFICO. (4 puntos)

O examinando/a deberá realizar un **comentario de texto** (proposto de entre todos os recollidos na “antoloxía de textos” da materia) no que expoña o contexto filosófico do autor/a do fragmento proposto, indique o tema central do texto, recolla as ideas principais do mesmo e en relación explique os seus conceptos claves. Non se pide aquí o desenvolvemento temático do estándar usando o texto como un “pretexto”, senón cinguirse ao texto proposto manifestando a súa competencia de comprensión e diálogo co mesmo. (De acordo coa duración da Proba, xa non se trata como no vello modelo de realizar un comentario (3 puntos) e a partir do mesmo desenvolver un tema (3 puntos), senón únicamente de comentar o fragmento proposto).

Esta Pregunta contén unha optatividade (vid. Modelo de exame) suficientemente ilustrativa e respectuosa coa *estrutura* dos principais “elementos curriculares da materia obxecto de avaliación” (vid. p. 3).

Parámetros xerais de corrección e cualificación da Pregunta 2 (válido para 2.1 ou 2.2)	Total 4 puntos
<i>Adecuación</i> ao solicitado no enunciado: - Contextualización filosófica - Exposición do tema central - Indicación de ideas principais (articulación organizada de ideas e argumentos): <i>Cohesión e coherencia</i> . - Selección, explicación e articulación de conceptos claves	Máx. 0,5 ptos Máx. 0,25 ptos. Máx. 1 ptos. Máx. 1,5 ptos.
<i>Critica</i> (alusión crítica dende outros filósofos/as e/ou valoración persoal)	Máx. 0,5 ptos.
- Corrección gramatical e léxica (claridade) - Corrección ortográfica (-0,10 puntos por cada falta ortográfica. O máximo que se reducirá será -1 punto en toda a Proba).	Máx. 0,25 ptos.

PREGUNTA 3. APROXIMACIÓN Á HISTORIA DA FILOSOFÍA. (3 puntos).

O examinando/a, apoiado nalgúnsas citas dun filósofo/a (proposto de entre os principais “elementos curriculares da materia”), deberá explicar (e desenvolver de acordo obviamente coa duración da Proba), o **problema fundamental** que presenta o tema ou a filosofía dese autor/a.

Esta Pregunta contén unha optatividade (vid. Modelo de exame) suficientemente ilustrativa e respectuosa coa *estrutura* dos principais “elementos curriculares da materia obxecto de avaliación” (vid. p. 3).

Parámetros xerais de corrección e cualificación da Pregunta 3 (válido para 3.1 ou 3.2)	Total 3 puntos
<i>Adecuación</i> ao solicitado no enunciado	Máx. 0,25 ptos.
Densidade: -Identificación e síntese do problema fundamental. -Presencia e uso dos conceptos clave do autor e tema (solidez conceptual, precisión semántica).	Máx. 1 ptos.
<i>Cohesión e coherencia:</i> explicación organizada de ideas e argumentos.	Máx. 1 ptos.
<i>Critica</i> (alusión crítica dende outros filósofos/as e/ou valoración persoal)	Máx. 0,5 ptos.
- Corrección gramatical e léxica (claridade) - Corrección ortográfica (-0,10 puntos por cada falta ortográfica. O máximo que se reducirá será -1 punto en toda a Proba).	Máx. 0,25 ptos

PREGUNTA 4. CONCEPTOS FILOSÓFICOS. (1 punto).

O examinando/a deberá responder aos dous apartados. No primeiro apartado, deberá separar en dúas columnas a serie de conceptos proposta, atendendo aos sistemas filosóficos que refiren. No segundo apartado, ben deberá definir un concepto proposto da devandita serie ou ben se lle proporá unha definición para que escriba o concepto adecuado á mesma.

Parámetros xerais de corrección e cualificación da Pregunta 4	Total 1 punto
Cumprimentar ambas columnas (conforme ao criterio específico de corrección).	Máx. 0,5 ptos.
Aportar a definición solicitada (sen superar a extensión máxima detallada) ou escribir o concepto adecuado (conforme ao criterio específico de corrección).	Máx. 0,5 ptos.

**TABOA DE PRINCIPAIS ELEMENTOS CURRICULARES ASOCIADOS AOS CRITERIOS DE
AVALIACIÓN (2025)**

BLOQUE CLÁSICO	<ul style="list-style-type: none"> -Cosmos, Realidade e Coñecemento en Platón (del mito al logos). -Platón: ética e política. 	<ul style="list-style-type: none"> -Física e Metafísica en Aristóteles -Ética antirelativista e política en Aristóteles.
BLOQUE MODRNO-ILUSTRADO	<ul style="list-style-type: none"> -Descartes: o método científico e a evidencia do <i>cogito</i>. -O liberalismo político e contractualismo de Locke. -A ética formal en Kant: o imperativo categórico. 	<ul style="list-style-type: none"> -Hume: crítica das ideas de substancia e causalidade. -Ilustración: os límites do coñecemento en Kant.
BLOQUE CONTEMPO RÁNEO	<ul style="list-style-type: none"> -Alienación e ideoloxía en Marx. -A crítica ao totalitarismo. A condición humana en H. Arendt - O desenvolvemento contemporáneo do feminismo: Simone de Beauvoir. 	<ul style="list-style-type: none"> -Nietzsche: nihilismo, vitalismo e transvaloración. -Da “razón vital” (Ortega y Gasset) á “razón poética” (María Zambrano).